

BAM Betanzos 2022

ÁNGEL ARCAÏ BARRAL

A comezos de xullo deste pasado ano do 2022, comezaba unha nova etapa na miña vida laboral encargándome da dirección da Biblioteca, o Arquivo Municipal e o Museo das Mariñas (BAM Betanzos en diante, aproveitando as iniciais de cada institución).

Sendo consciente da importancia do cargo, o meu afán non é outro que o de funcionar como intermediario entre a información que temos nestas tres institucións e a veciñanza de Betanzos ou todas aquelas persoas que teñan interese polo noso pasado.

Para iso tratamos de organizar unha serie de actividades e de iniciativas que axudasen a achegar a estas tres institucións ao resto da poboación, aproveitando agora as páxinas do Anuario Brigantino para enumerar brevemente:

1.- Difusión da lectura

Unha das institucións nas que centramos os primeiros esforzos foi a Biblioteca Municipal. Levouse a cabo unha reorganización dos fondos, achegando os fondos de maior interese a zonas máis accesibles para os usuarios e usuarias que se achegaban a levar libros en préstamo. Esta nova organización dos fondos veu acompañada dun expurgo de parte da colección, tratando con esta medida de aproveitar ao máximo o espazo e os recursos dispoñibles. Entre estas accións, destacamos o depósito da colección donada por Juan María García Otero, con máis dun milleiro de libros sobre restauración de bens artísticos, á Biblioteca da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, onde os fondos son máis acordes ás demandas dos usuarios.



Estas medidas acompañáronse doutras iniciativas como as mostras mensuais de diferentes temáticas, sendo a de literatura arxentina co gallo da victoria no Mundial de fútbol a que máis relevancia tivo. Como mostra de cariño cara os nosos usuarios, premiouse ao remate do ano a Noa Veiga Espiñeira, de cinco anos de idade, como a lectora con máis préstamos de todo o 2022, recibindo o premio de mans da Alcaldesa de Betanzos.

En vista do interese crecente polos fondos da Biblioteca, organizouse un club de lectura

dirixido pola escritora Antía Yáñez, reunindo cada dous mércores a unha vintena de lectoras e lectores da cidade para falar sobre unha lectura que se marca previamente. Este club conta con xente de diferentes tramos de idade e durante todo o ano pasaron polas súas mans libros de todas as temáticas: cómics, ensaios ou novelas de todo tipo que deron pé a falar de literatura dende a propia Biblioteca.



2.- Difusión dos fondos

Máis alá da Biblioteca tamén se traballou a difusión dos fondos propios do Arquivo Municipal e do Museo das Mariñas. Para iso abrimos unha conta en Instagram e Facebook baixo o nome de @BAMbetanzos, no que compartimos a diario curiosidades das nosas institucións. Dende aquí promocionamos unha das nosas primeiras iniciativas, a creación dun pequeno xogo para as crianzas, tratando de facer así máis levadoiro o seu achegamento ao Museo das Mariñas. A través dunha serie de pistas teñen que buscar varias pezas agochadas polo museo. Nesta liña elaboramos unha escape room virtual para celebrar o Samaín, con pezas do museo e libros da nosa biblioteca; ou realizamos visitas temáticas durante as vacacións de Nadal, tratando de favorecer o turismo familiar na nosa cidade.

Mais, sen dúbida, as dúas actividades que máis importancia tiveron no pasado 2022 foron as visitas escolares e a iniciativa titulada Onde están as mulleres do Museo das Mariñas?.

No relativo ao primeiro punto, das visitas de escolares de toda a contorna, fixeron que se achegaran en poucos meses máis de 800 visitantes a coñecer as nosas coleccións. En visitas adaptadas aos seus niveis e aos seus coñecementos, fixemos que pasaran a ver esta institución como un lugar amable ao que se poden achegar ca familia sempre que queiran.



Vista guiada

Onde están as mulleres do Museo das Mariñas?

Venres 25 de novembro, de 19:00 a 20:15
 Inscripción gratuita ata completar aforo
 Reserva: museodasmariñas@betanzos.net ou 981773693
 Inicio: Fonte da Diana Cazadora

BETANZOS EN NEGRO ▼

O proxecto Onde están as mulleres do Museo das Mariñas? foi unha iniciativa puntual do 25 de novembro, no que transformamos a antiga galería dos alcaldes betanceiros nun corredor cheo de obras de arte creadas por mulleres, recuperando do esquecemento a pintoras como Sofía Feliú ou Rosina Martínez. O interese xerado foi moito maior do agardado, cuadruplicándose a demanda de prazas para unha visita realizada na tarde do 25 de novembro, onde guiados tanto por Ángel Arcay Barral como por Carmen Delia Díaz García-Fuentes, un grupo de veciñas e veciños coñeceron de primeira man as historias das mulleres que descansan

no Museo das Mariñas: Sancha Rodríguez, Clara Sánchez, as Jiménez-Cossío ou Estefanía de Valencia, entre outras.

Froito desta actividade xurdiu a iniciativa A caixa aberta de Sofía Feliú, xa que a pintora madrileña recoñeceu fai moitos anos nunha entrevista a imposibilidade de debuxar con garantías unha caixa aberta na súa nenez, declaración que nós aproveitamos para retar aos nosos visitantes máis miúdos para que deixen a súa impronta cunha pequena obra de arte inspirada na obra da desaparecida pintora.





3.- Colaboración con outras entidades

A difusión das nosas coleccións non está simplemente orientada aos visitantes que se acheguen á BAMBetanzos, senón tamén a outros colectivos que teñan interese na nosa historia. A raíz destas actividades, desenvóléronse iniciativas que axudaron a difundir os nosos fondos. A primeira en realizarse, xa no verán do 2022, tivo lugar dentro da programación dos Xogos Florais organizadas polo colectivo Pesquedellas. Estas veciñas da cidade realizaron un desfile de traxes tradicionais dirixidas polo Obradoiro O Sarillo co que achegaron ás rúas varios dos nosos traxes máis valiosos.



Uns meses despois, a celebración do centenario do nacemento de Carlos López García-Picos trouxo a Betanzos unha exposición sobre a súa vida que nós acompañamos de visitas guiadas pola cidade, percorrendo os recunchos máis importantes na vida do Chapa, dende a Fonte da Cangrexeira, onde descansan as súas cinzas, ao Conservatorio Municipal que leva o seu nome, rematando a visita na propia exposición comisariada por Javier Ares e María Lorenzo.



De igual modo, e sempre que podemos, colaboramos activamente cas visitas guiadas que se desenvolven periodicamente dende a área de Turismo do Concello de Betanzos, onde varias das súas rutas habituais inclúen a visita ao Museo das Mariñas; ou prestamos o noso espazo para as actividades da área de Normalización Lingüística. Este tipo de colaboracións estivo sempre aberta tamén a outras asociacións, especialmente a colectivos betanceiros que tivesen interese en coñecer os nosos fondos. Seguindo esta iniciativa realizamos actividades con todo tipo de agrupacións, como a A.G.C.D. e X. Lar de Unta ou a delegación de APEM (Asociación Pro Enfermos Mentales) Betanzos.



4.- Difusión nos medios

Este tipo de actividades sempre foron ben acollidas tanto pola veciñanza como polos medios de comunicación que se fixeron eco das nosas iniciativas. Grazas a iso contaron ca nosa participación varios programas cando saltaban á palestra temas referidos á historia de Betanzos, como por exemplo a nova reaparición dos antigos pasadizos das minas de azougue cos que conta a cidade e que dende a BAMBetanzos tivemos que explicar en varios xornais.

Quizais o episodio máis relevante de todos os acontecidos no 2022, foi a participación no programa Cuarto Milenio, onde xunto a outros veciños comentamos o ocorrido cun batallón francés que desapareceu na zona de Cesuras durante a Guerra da Independencia.



5.- Programas formativos

Todo isto non sería posible sen a axuda de numerosos compañeiros do Concello de Betanzos e moitas outras persoas e entidades que se achegan a diario ás nosas instalacións. Mención especial merecen as persoas que decidiron ampliar as súas etapas formativas con prácticas no noso centro. Tal é o caso de Carmen Delia García, que durante varios meses do 2022 colaborou activamente nas tarefas do Museo das Mariñas mentres realizaba as prácticas do Ciclo Superior de Guía, Información e Asistencia Turística do IES Río Cabe de Monforte de Lemos. O seu empeño no deseño de visitas e actividades conseguiu engrandecer a labor que a diario tratamos de desenvolver dende a BAMBetanzos.



6.- Descrición de documentación do Arquivo Municipal

Durante o 2022 dimos por rematada a descrición de casa 25 000 expedientes de obras particulares conservadas no Arquivo Municipal ca axuda de Enrique Rodríguez Zuloaga e Ermitas Rodríguez Pérez. Isto supón ter rexistradas todas as solicitudes de obras realizadas por veciños nas súas casas entre o século XIX e o XXI.

Xunto con outra documentación, como poden ser os padróns municipais, isto permite atopar información de veciñas e veciños que pasaron pola cidade, da casa na que residiron, das obras que efectuaron nelas e, no mellor dos casos, aportando material gráfico (planos, fotografías, etc.) que favorecen a reconstrución do noso pasado.